

## CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN

- ENTIDADE ORGANIZADORA.** A Semana Santa ao Vivo é un evento cultural organizado pola área de Promoción Económica do **Concello de Allariz**.
- DATA E LUGAR.** A Semana Santa ao Vivo desenvólvese en Allariz durante os días **28, 29, 30 e 31 de marzo de 2024**. A organización decidirá xunto coas persoas seleccionadas os días e lugares de actuación, sendo suxeitos a modificación se fose preciso, en horario de **12:00h a 14:00h e de 18:00h a 20:00h**.
- DESTINATARIOS/AS.** Poderán participar na Semana Santa ao Vivo todas aquelas persoas de xeito **individual ou dúos artísticos**, maiores de idade, afeccionados ou semi-profesionais, con espectáculos que sexan susceptibles de desenvolverse na rúa. **Acéptanse** diferentes **estilos musicais** así como outras disciplinas artísticas **como danza, maxia, humor ou teatro**, entre outros posibles.  
**É condición indispensable que os grupos ou compañías artísticas teñan entidade xurídica ou social.** De non ser así a participación quedará desestimada. Esta será acreditada a través de documento xustificativo pertinente.
- INSCRICIÓN.** Para participar é preciso formalizar a inscrición entre o **15 de xaneiro e o 16 de febreiro de 2024 ás 14:00h (incluído)** a través do correo electrónico [dinamizacioneconomica@allariz.gal](mailto:dinamizacioneconomica@allariz.gal) ao que se deberá remitir o formulario de inscrición anexo e material gráfico e audiovisual do espectáculo participante.
- SELECCIÓN.** A organización realizará a selección baixo criterios obxectivos atendendo á calidade, profesionalidade e pluralidade de estilos. O fallo será trasladado a todos as persoas inscritas, o día **23 de febreiro de 2024**, a través de correo electrónico.
- CONTRAPRESTACIÓN.** As persoas seleccionadas percibirán unha prestación económica de 200€ ao día por persoa (ive engadido). Non se pagarán dietas nin desprazamento. **No caso de ter que suspender o evento por inclemencias meteorolóxicas ou outros imprevistos alleos á organización**, esta comprométese a pagar a prestación estimada polos inconvenientes causados (75€ persoa/día) .
- RESPONSABILIDADE DA ENTIDADE ORGANIZADORA.** A organización resérvase o dereito de modificar ou cancelar o evento si o estimase oportuno ou si ocorresen supostos especiais que impidan a celebración do mesmo como puidesen ser causas meteorolóxicas adversas. A organización tamén se reserva a posibilidade de que, no caso de renuncia á participación dalgún artista seleccionado, a praza vacante poda ser ocupada por outro/a artista.
- ACEPTACIÓN DAS BASES.** Enviando o formulario a persoa ou grupo participante está aceptando de forma expresa as condicións de participación.

Concellería de Promoción Económica, Comercio e Turismo

Rúa O Portelo, 4 32660 Allariz

Telf: 988 442 210

Email: [dinamizacioneconomica@allariz.gal](mailto:dinamizacioneconomica@allariz.gal)